



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (19/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 18 de xuño de 2026
- 2.- Solicitud de devolución garantía definitiva execución contrato de obras
- 3.- Solicitud de prórroga execución contrato de obras financiado polo plan POS+ 2025 (anualidade 2024)
- 4.- Expediente contratación servizos Actividades/eventos deportivos, culturais, de ocupación do tempo libre e de promoción da igualdade, mediante a conciliación e prevención contra a violencia de xénero (Tedec 2026/C004/000001)
- 5.- Aprobación de certificación de obras

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 18 de xuño de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS

O Sr. Secretario-interventor dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto que se indica máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- Xestión de Propostas –

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2026/G006/000111

Asunto: EXPEDIENTE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA

Logo de ver a documentación do expediente 2023/X002/000002, instruído para a devolución a garantía definitiva solicitada pola empresa, Lancer Proyectos y Obras, S.A., constituída en metálico por importe de #2.831,10€#, para responder da execución do contrato da obra contida no proxecto "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPALES DA PARROQUIA DE ALTO XESTOSO", e o informe emitido, por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, no día da data, que conclúe: *"Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da execución dos traballos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento dos contratos de execución da obra indicada, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución deste."*

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Cancelar a citada garantía e ordenar a súa devolución
- 2º.- Notificar o presente acordo á empresa solicitante

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- SOLICITUDE PRÓRROGA EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS FINANCIADO POLO PLAN POS+ 2025 (ANUALIDADE 2024)

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude de prórroga da empresa adjudicataria das obras, dos informes do Director das obras e do Secretario-Interventor do Concello, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec correspondente e que, corrixida por orde del, se transcribe literalmente deseguido, e do resto da documentación que consta nel:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto: Prórroga execución obras POS+ 2025

Expediente: 2025/C003/000005

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o escrito presentado pola empresa, Construcciones Lenoardo Miguélez, S.L., solicitando ampliación do prazo de execución da obra contida no proxecto nomeado, "MODIFICADO PROXECTO MELLORA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, VAL XESTOSO, ALTO XESTOSO E SAN FIZ (POS+2025)", comunicando a imposibilidade de cumprir os prazos previstos para a execución da obra debido a inclemencias meteorolóxicas.

Logo de ver o informe emitido polo Técnico e Director das obras, contratado para o efecto, Antonio López Rodríguez, que conclúe: *"Polo tanto, e dado que o incumprimento dos prazos non é imputable á empresa, estímase xustificada e necesaria a concesión da prórroga, que a efectos de unificar datas e facilitar o seu control estímase en dous meses"*, e o informe preceptivo da Secretaría que obra no expediente.

Considerando xustificada e motivada a solicitude, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder á empresa, Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., unha prórroga de 2 meses para a execución da obra contida no proxecto nomeado, MODIFICADO PROXECTO MELLORA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE QUEIXEIRO, VILACHÁ, VAL XESTOSO, ALTO XESTOSO E SAN FIZ (POS+ 2025), contados a partir da data de notificación do presente acordo.
2. Notificar este acordo á empresa adxudicataria e o Director das obras para efectos que procedan.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVIZOS ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS, CULTURAIS, DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE E DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, MEDIANTE A CONCILIACIÓN E PREVENCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (TEDEC 2026/C004/000001)

A proposta de acordo do Sr. Alcalde en funcións con respecto a este punto da orde do día da que dá conta á Xunta de Goberno Local o Sr. secretario-Interventor, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico do aplicativo Tedec, transcríbese literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CONTRATO DE SERVIZOS PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS, CULTURAIS, DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE E DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, MEDIANTE A CONCILIACIÓN E PREVENCIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE MONFERO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Expediente: 2026/C004/000001

Asunto: ADXUDICACIÓN CONTRATO SERVICIOS (lotes I,II,III,IV)

Logo de ver a documentación contida no expediente tramitado para a contratación dos servizos de referencia, divido en catro lotes, e que os contratistas que a Mesa de contratación do Concello considerou que eran os que presentaban a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foron requiridos, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en adiante LCSP, para que cumpriran co establecido na cláusula 17 do PCAP, xa lle deron cumprimento e constituíron as garantías definitivas correspondentes.

Logo de ver o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión das ofertas presentadas, de clasificación, atendendo unicamente ao prezo, e de que non foi declarada desproporcionada ou anormal ningunha conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto desta.

2.- Adxudicarlle o contrato de servizos descrito no Prego de prescricións técnicas nomeado, "CONTRATO SERVICIOS PARA LA COLABORACIÓN EN LA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES/EVENTOS DEPORTIVOS,CULTURALES, DE OCUPACIÓN DEL TIEMPO LIBRE Y DE PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD,MEDIANTE LA CONCILIACIÓN Y PREVENCIÓN CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO ORGANIZADOS POR EL AYUNTAMIENTO DE MONFERO", cun orzamento anual de 116.350,46€, dividido nos lotes que se detallan deseguido, ás empresas licitadoras que se sinalan, de acordo co resto de características das súas ofertas que constan no expediente, motivándoo na necesidade da organización das actividades/eventos para a veciñanza, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación do Concello, coa mesma motivación, por considerar que as súas ofertas son as máis vantaxosas que poden ser cumpridas.

S	LOTE	EMPRESA ADXUDICATARIA	IMPORTE (ive incluído)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
	LOTE Nº 1: servizos para a organización e realización actividades/eventos deportivos (60400,37€)	GALICIA EVENTOS Y OCIO SL	60.279,37	341.22799
	LOTE Nº 2: Actividades/eventos para ocupar o tempo libre (8989,14€)		8.929,86	491.22799
	LOTE Nº 3: Actividades /eventos de promoción da igualdade, mediante a			

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

S	LOTE	EMPRESA ADXUDICATARIA	IMPORTE (ive incluído)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
	conciliación e a convivencia para a integración e a formación.(32.627,95€)	AVANZA SERVICIOS ESCOLARES, S.L.	30.734,00	231.22799
	LOTE Nº 4: Transporte para as actividades servizos para a organización e realización actividades/eventos deportivos, para ocupar o tempo libre (14.333,00€)	EMPRESA GILSANZ, S.A.	12.859,00	231.22799

3.- Aprobar os gastos correspondentes, dispoñéndoos con cargo ás aplicacións orzamentarias reflectidas para o ano 2026, someténdoos á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento do 2027.

4.- Designar como responsable dos contratos a D. José Amando Pena Vila, Técnico deportivo municipal, para supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións que lle correspondan e ditar as instrucións necesarias, con o fin de asegurar a correcta prestación.

5.- Notificar este acordo a D. José Amando Pena Vila, as empresas adxudicatarias e resto de licitadoras.

6.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).

7.- Requirilos para a formalización do contrato dentro do prazo máximo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente adxudicación.

8.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

- Anexo empresas licitadoras

LOTES	LICITADORAS	IMPORTE (sen Ive)	TOTAL	ORDE
I	GALICIA EVENTOS E OCIO S.L	49817,66	60279,37	1
II	GALICIA EVENTOS E OCIO S.L	7380,05	8929,86	1
	ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	7400,00	8954,00	2

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

III	AVANZA SERVICIOS ESCOLARES SL	25400,00	30734,00	1
	GALICIA EVENTOS E OCIO S.L	EXCLUIDA DO LOTE (Excede importe licitación)		
IV	EMPRESA GILSANZ, S.A.	11690,00	12859,00	1
	AUTOS CARBALLO, SL	12835,00	14118,50	2

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS

O Sr. Alcalde en funcións retira o punto da orde do día por non estar os expedientes dispostos aínda para resolver sobre eles.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario